

Do Blog Criticalia. Armando Requeixo. Parlamento das Letras: Estíbaliz Espinosa

Enviado o 26 Setembro 2012



Foto Noemí Cubillo

Estíbaliz Espinosa é unha criatura mecánica, unha cyborgpoeta de última xeración, creadora multiverso na que conflúen harmonías de soprano, máscaras da legua e textualidades biónicas. Nada é sinxelo ou azaroso na súa escrita, translírica, e-conceptual, metaxenérica. Os seus libros len e deslense, son antigos oramas gregos, espectáculos de zooms fractais, reverberacións poemáticas, sci-fi e materia escura.

Hai nesta coruñesa moita epifanía do decreemento, esa súa radical asunción da finitude, ese sentirse perdida no cosmos e asemade afincada en cada átomo, (hiper)consciente en todo momento, biopsiada, viviseccionada, eviscerada para a lectura.

Estíbaliz Espinosa é un hápax poético, unha irregularidade, unha perturbación de onda que o noso sistema non sabe como asimilar. Velaí o auténtico Poder do seu discurso: a palabra indomeable, irreductible a norma, a liberdade para o caos.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Sobrevoando as follas de certames colexiais e fanzines universitarios, mesmo dunha revista do sur, un primeiro conxunto de textos publicouse pola xente do Certame Francisco Añón de Poesía, da Serra de Outes, no 98. Chamábase *Mecánica Zeleste*.

O primeiro libro foi *Pan [Libro de ler e desler]*, que saíu do forno a principios do 2000 na colección dos premios Esquíu. Un libro que xa ardeu como é debido e, oxalá, vai aí no seu tempo de desler.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non ser un primate con grandes relacións sociais desentoea nun mundo no que tantos alfabetizados escriben e contan con ideas literarias que entregarlle ao mundo. Por ese defecto, ou reticencia, coido que unha teima entusiasta na liña da fusión fría literatura+ciencia aínda resulta un tanto estraña para crítica e lectores.

De títulos concretos –*orama*, o libro que publiquei na colección Tambo, foi o que contou con menos distribución e, en consecuencia, menos lecturas críticas. Se cadra tamén no mundo editorial existen as xerarquías coas que, así en seco, ninguén da cultura comungaría.

O que mellor acubillo atopou aquí coido que foi, ademais de *Pan, libro de ler e desler*, o de *Zoommm. Textos biónicos*, editada en Xerais, se ben tamén descargable no lugar A Regueifa Plataforma. Con todo, encaixar non sei se encaixo moito no que se leva e no que se espera e no que, nestas coordenadas espazo-temporais, gusta, pero non é disparatado pensar que obedeza máis ao meu temperamento que ao meu xeito particular de escribir e desovar no literario.



Nunha época de hipertrofia de autores e de sobrecarga do eu como a nosa, na recepción das obras adoita pesar máis a figura do autor e, sobre todo, a imaxe que se sonda previamente. Isto funciona para o bo e para o malo. Porén, á marxe de simpatías, antipatías e outros licores, se as

miñas teimas literarias pasaron ás veces inadvertidas quizais se deba a que son a primeira en agardar que a xente vaia a elas se lle peta e as xulga relevantes: prefiro que un texto respire só a insistir en practicarlle respiracións asistidas. Non sempre me sinto cómoda en ‘saraos’ e vexo a todo o mundo tan enrabeado co tema que acabarei por llo contar a unha psiquiatra o día menos pensado.

Con certeza malinterpreto o que significa ter éxito, pero captar atención mediática non mo parece así, en cru. Considérase peaxe incuestionable, cando non sempre senta ben. Como a calquera escritora, abofé que me presta que canto escribo conte con aceptación, lecturas intelixentes ou teses delirantes... Claro! Pero cargo con esixencias literarias tenaces, intensas, un pouco infantís porque aí naceron, na infancia.

Con certeza aínda non escribín unha obra que conectase co momento literario que se vive aló onde eu vivo; porén, non poucas veces percibo mellor condutividade entre as miñas teimas e as de xente máis nova ca min, e iso alenta. Fóra de Galicia recibíuseme sempre ben. En fin, que contar isto xa é, como diría unha avoa, de *repunantiños*, sempre andamos coas mesmas.

A timidez e un chisco de sociofobia fan pouco a día de hoxe a prol dunha obra literaria entre mans. Por sorte, chegou o reino de Internet para personalidades —ou enfermidades— coma a miña.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non. Terei manías, pero penso que ningunha para escribir.

Antes cría imprescindible o silencio neuronal, o contorno tranquilo e illado, pero cos fillos cambia o conto. Até lembro anotar un texto no Planetario, que frecuente bastante. Máis que un estado físico, a escrita reclama un estado mental: se hai disposición, ábrese de carnes como pode. A disciplina e o tempo para unha mesma [había que dicilo] colaboran nesa disposición.

Alén diso, o qwerty do teclado éme xa moito máis de meu que a miña propia letra. Pasaralle a moitos, toda vez que a nosa especie acanea entre os caderniños e os evernotes.


—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Dos que dubidan entre o que é correcto e o que non.

Das científicas. Dos turbulentos.

Das que non se ven capaces de dar resposta a cuestións coma esta.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?



Traxectoria literaria soa ben lapidario! A mellor obra sempre está por vir, conviñamos en crérnolo.

Nos libros en papel podo recoñecer nun principio enxertos das lecturas do meu irmán, algunhas delas de filosofía. Tamén unha perspectiva máis cósmica que apegada á terra. Supoño que crin que tal enfoque me inxectaba vertixe, aínda que politicamente necesitamos ancoraxes menos nebulosas para o noso día a día en sociedade. Imaxinar a especie humana dende o espazo, como unha soa, coas súas obsesións, cos seus malentendidos, todos xuntiños como unha camada monstruosa sobre este planeta bipolar, parece moito á *angst* da páxina en branco. Interpretoo como unha emoción literaria, pero xa me estou a pór estupenda e NON.

Ignoro de onde me vén esa perspectiva. Non ten nada que ver coas miñas orixes. A Coruña na miña nenez era unha illa disfrazada, como sempre foi. Estudei nun colexio no que predominaban as ciencias, escollín ciencias, e lembro as visitas á Casa das Ciencias e ao Planetario, aos 11 ou 12 anos, como un acontecemento asombroso. Iso, ler e escribir —e facíao a esgalla, cunha olivetti de meu pai— era o que me sachaba o cerebro por entón. Ou tal vez estouno a inventar todo para esta entrevista.

Sexa como for, o que máis me obsesionou logo foron os interrogantes comúns entre a ciencia e a literatura: o noso xeito de ollar [*-orama*] mesmo a nós

mesmos, a natureza hibridada entre a álgebra da máquina e o humano [*número e, Zoommm*], froito da experiencia do blog no 2005, o ir e vir entre o íntimo e o confín do coñecido, e tamén o que acontece *despois da literatura e despois do humano* [*papel a punto de*]. Branca Novoneyra comentou nunha ocasión que canto eu escribía semelláballe *extraterrestre*. Tiña un aquel de afago, e coído que do máis bonito que me dedicaron xamais —en termos literarios, vaia.

De nacer dalgún lugar, o que escribo nacería da curiosidade, mesmo da perplexidade de estar escribindo isto e de que ti o leas, porque éche ben friki a cousa, se o pensamos ben. Interésame o noso instinto animal disfrazado de convencións; o fracaso do instituído socialmente exercido como poder e non como servizo; as hormonas que activa a teima de escribir; o enigma de ficar por escrito; sentir as voces do noso pasado remoto e o futuro a reinventarse; a empatía; e o humor, o humor por veces absurdo ou negro ou. O humor é cousiña seria. Nunha ‘carreira literaria’ a xente considera que non tomarse en serio a un mesmo equivale a unha obra pouco seria. Eu non opino o mesmo, nin de broma. Para min, pensar así orbita na desobediencia.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?


Ás boas. Aos feos. E ás malas. E vou mencionar varios do século XX: Vallejo, Rulfo, Lispector, Cunqueiro, Sagan, Avilés de Taramancos, Szyborska, Rilke. Tres a cabalo: J. M. Coetzee, F. Jaeggy e P. Sloterdijk. E do XIX: Tolstoi e Woolf.

E unha chea de blogs, tumblrs e tweets do século XXI. Nalgúns, a literatura deixa de ficar encerrada no gameto dun autor/a e ciscalla con ganas. Faino porque sempre é revolucionaria e, cando a comprimen en clixés, sabe saírse polas fendas. O literario búscase a vida. Non entendo os escritores que non saben seguir esa máxima e andan a laiaren todo o día.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Ás nosas letras fáltanlle —será por pouco tempo— traducións dos clásicos da ciencia —as lecturas en Física de Feynman, obras de Sagan ou Koestler ou Pinker ou Dawkins...—, de ensaio, de cómic —*Little Nemo*, por exemplo—, de ciencia-ficción; esluír a identificación literatura = poesía/novela/conto; fáltalle confianza en si mesma por parte de todos os axentes sociais, dende lectores a autores. Fáltanlle mulleres metidas na fariña. E fáltalle o salto á literatura dixital que complementa —non tanto substitúa— a literatura en papel.

O que lle sobra é capacidade de re-creación. Seica neste norte do sur do hemisferio norte lévase, en xeral, ese talento despreocupado e distraído que tanto alporiza a outros: sabemos que talento aquí hai, mais non lle concedemos moita importancia nin atragoamos de solemnidade. É a nosa forma de ser. Non somos ianquis.



Uns gramiños de endogamia tamén lle sobran, pero iso está a cambiar ou tal espero. Caciques literarios e amiguismos, claro, pero iso sóbralle a todas as literaturas. Tamén en todas acho de máis a figura do ‘escritor burócrata’: alguén con ganas de fosilizarse nun lugar cómodo diso que se dá en chamar —non sen certa afectación— cultura, e non pretender outra cousa que o clasismo reseso e o exercicio da influencia e do poder. Un escritor naceu para se dar de fociños coa vida e non quedar só na súa cara subvencionada, de aí a necesidade de cambios periódicos naquilo que leve a etiqueta de ‘sistema’, de aceptarmos que toda estrutura social esclerosada no tempo tende á mafia.

Sen menoscabo disto, percibo aínda tendencia xeral a desvalorizar o acto de escribir, como se non fose máis aló dunha ‘emanación astral’ que non entraña esforzo nin repercusión ningunha, e ás veces semella que habemos reverenciar a oportunidade de botar a nosa leria por aí, a 80 quilómetros da casa e de balde. De se converter nunha actividade frecuente, cómpre regulalo como o traballo que é: non todos somos a condesa de Pardo Bazán nin vivimos de pagar con hexámetros á peixeira. Debo engadir, no entanto, que se mudou bastante nese sentido e é moi de agradecer por exemplo o empeño da AELG nos últimos anos.


Así a todo, segue a resultar complicado manter o equilibrio ético entre o/a escritor/a morto/a de fame e o/a subvencionado/a a inzar calquera libro de

autocompracencias coa convivencia dun mercado editorial superpoboado. Acadar unha infraestrutura de lectores non só composta dos propios escritores destaca como materia pendente na que internet, a antártida na que polo de agora ‘somos o que escribimos e o que lemos’, está a fornecer novos depredadores e reconstrutores do literario.

Se cadra estou a falar dun xeito moi provinciano con todo isto, mais unha parte da literatura que me interesa nace do provincianismo e da sensación de periferia...

A literatura galega, *a priori*, é como calquera outra (chinesa, rusa, venezolana, nixeriana ou suíza). Coido que asumir esa normalidade —mesmo que naturalmente se trate de algo aínda por acadar— constitúe un punto de partida para evitar redundar no mesmo ante os de sempre, os xa persuadidos e diría que aburridos da transcendencia e singularidade da lingua, os que medramos cunha conciencia deste anaco de planeta desenraizado da oficialidade da historia... O contrario é procurar o aplauso fácil... unha droga de certo abuso nas letras.

A nosa época vai moi escéptica coa literatura, a arte... haberán desculpar se me len dende o futuro.



—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Deixar escrito un libro significativo. Ou un poema deses que ninguén saiba moi ben de quen é, pero flúa. Unha arela pretensiosa e neurótica, se queren.

Iso antes de que alguén me arree un sopapo que me oriente á narrativa. Pode que o meu medio nativo sexa a prosa, aínda non o sei nin sei se me queda tempo para sabelo. O que empecei escribindo, co que debería pechar algunha sorte de mandala vital —mais son tan pouco *new age* que dubido se me farei moito caso...

E querería deixar obra na web, non tanto en papel. Coido que este ha ficar como un recurso cando unha obra o merece ou necesita distribución tradicional. Ando coa idea de ir subindo todo —ou case— á Rede. Ademais dos textos inéditos no blog, así como traducións, fáltame o traballo gordo para o que precisaría coller unha boa tuberculose ou un mecenas despistado.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Non me vexo na postura óptima para valoralo. Todo presente é unha sensación estática de algo mutante. Agora esa mutación semella obvia: assistimos a un transformismo total nas nosas armas de lectura e escritura, avalado pola dixitalización imparabile, pero moitos dos rostros dese cambio resultan aínda impredecibles. Literariamente, achámonos á altura de calquera cultura veciña, con autores brillantes e non tanto, lectores formados, variedade e versatilidade... quizais sexa o mercado editorial ‘decimonónico’ baseado no *pater familias* o axente máis obsoleto.

O noso sistema literario aínda é novo. Óese crecer. Así que se me deteño na expresión ‘presente literario’ imaxino un deses obxectos atravesados por unha bala e gravados con cámara de alta velocidade: a detonación é lenta, é fluída, case non é pero é.

Intentamos penetrar no pasado ou no futuro literarios, enguedellámoslos por completo e supoño que a filloa resultante é o que coñecemos como presente. Pasado e Futuro. Paturo e Fusado. Pasaturo e Futurado. Como dous amigos xaponeses. Indistinguibles.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

A literatura transmutou nunha criatura curiosa. Non sei se o asunto consistirá en que, igual que nós somos vehículos para a perpetuidade dos famosos xenes, os libros comportan como os vehículos de xeitos de pensar o humano —e o non humano, que tamén fascina—. Ha ser máis previsible o futuro destes (dos libros e os seus autores) que adiviñar cara a onde irán as ideas e sintaxes que, de cerebro a cerebro, van tecendo. Coido que o fascinante da literatura radica non só nas tramas e personaxes clásicos —que sen dúbida si—, senón tamén nesas

arañeiras da linguaxe nas que fican pegadas as nosas imaxinacións complexas sobre o mundo. As articulacións entre as persoas e o feito social —mesmo entre as persoas e o feito *animal*—: esas escordaduras, esas culpas, eses ligamentos estirados estirados ata un *Ata aquí chegamos, carallo!*

O abraio polo feito literario ten trazas de permanente. *Infinte jest*. Con el non pode nada, nin sequera o poder do establecido, do ‘debes ir por aquí e facer isto’. O noso apetito, logo de saciar o da destrución, quizais volva ser o de bourear ‘eureka!’.

